

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS A MELLORAR A COBERTURA DE COMUNICACIÓNS MÓBILES NO RURAL DE GALICIA, COFINANCIADAS PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL(FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro (4) anos a contar dende a data da súa sinatura, sen prexuízo de que se acorde a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.



Pola outra parte, segundo establece o artigo 3 dos Estatutos da FEGAMP, o seu ámbito competencial incluíra calquera asunto que garde relación cos intereses comúns dos Entes Locais que integran o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e, entre os fins da FEGAMP recollidos no artigo 6 dos seus estatutos, está o de promover e representar os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, disfrutando no exercicio das atribucións que ten conferidas para o cumprimento dos seus fins estatutarios de plena capacidade para suscribir os convenios que procedan.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,
O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
José Luis Somoza Digón

